

O PITO CAIRO

Texto de **MARISA NÚÑEZ**

Ilustracións de **HELLE THOMASSEN**

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

O pito cairo (galego)

ISBN 978-84-95123-85-5. Os contos do trasno.

El pollito pelado (castelán)

ISBN 978-84-8464-047-9. Libros para soñar

O pinto careca (portugués)


ISBN 978-972-8781-21-7. Livros para sonhar.

Érase unha vez un pito cairo que andaba polo monte buscando comida e máis fortuna. Un día, escaravellando na terra, atopou unha saqueta chea de moedas de ouro...

“O pito cairo” é un conto popular portugués de estrutura rítmica, repetitiva e circular; axustado ás esixencias da lectura, pero que conserva a frescura da oralidade. No relato sucédense unha serie de acontecementos fantásticos, acumulativos e regresivos.


Ante o descubrimento dunha enorme fortuna, o pito cre que, entregándolle esas riquezas ao rei, gañará a súa simpatía. Como moitos poderosos que non actúan coa xustiza debida e coa xenerosidade agardada, o monarca desta historia resulta ser o perfecto exemplo da avaricia e da mesquindade. Finalmente, todo se resolve grazas á astucia do poliño para burlar o rei e á habilidade doutros personaxes que se cruzaran no seu camiño.

Co seu estilo característico, Helle Thomassen crea un conxunto de ilustracións de trazos pouco definidos que destacan polo colorido, a expresividade e o sentido do humor. As accións transcorren en espazos diversos, enmarcadas ou integradas no texto.



Por fin,
o pito cairo chegou ao palacio real,
coa saqueta chea
e o bandullo aínda máis cheo.

Chamou pola súa maxestade,
foi unha reverencia
e entregoulle a saqueta.



■ **Temática:** a astucia fronte a avaricia.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** ilustracións coloristas e expresivas; reflexión sobre a avaricia e o egoísmo; animais; poder e xustiza; da autora de “A Cebra Camila”; da ilustradora de “Once damas atrevidas” (Kalandraka).

Marisa Núñez

(Sarria, 1961)

Dende hai anos traballa como profesora de Educación Infantil no colexio de Hío, Cangas. É escritora e especialista en animación á lectura.

Helle Thomassen

(Dinamarca, 1963)

Estudou na Escola Superior de Arte para Teatro, Música e Pintura de Holbaek Slot Ladegard (Dinamarca). Ampliou a súa formación na Escola de Arte e Deseño de Copenhague, onde se especializou en Deseño Gráfico. Dende 1990 traballou nos estudos da produtora de cine AGF (Berlín) facendo animacións e storyboards. É debuxante e ilustradora para teatros, xornais, editoriais e series de animación. Participou en diversas exposicións en Barcelona, onde reside.



O rei, que era un ratillas, contou as moedas
mirando de esguello para o pito cairo,
e pensou que era unha pena
non aproveitálo tamén para un bo xantar.

Ínvitouno a quedar no palacio e,
con moita cortesía,
ordenou aos criados que o levasen ao galiñeiro.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com